

NOTA INFORMATIVA SOBRE A ESTRATEXIA DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á COVID-19, TRAS A FASE AGUDA DA PANDEMIA NO MANEXO DE CADÁVERES

Con data 23 de marzo de 2022 a Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde aprobou o documento de Estratexia de Vixilancia e Control fronte á COVID-19, trala a fase aguda dá pandemia.

https://www.sanidad.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Nueva_estrategia_vigilancia_y_control.pdf

Os altos niveis de inmunidade alcanzados na poboación española teñen determinado un cambio na epidemioloxía da COVID-19 que apoia a transición cara a unha estratexia diferente que vixíe e dirixa as actuacións a persoas e ámbitos de maior vulnerabilidade e monitorice os casos de COVID-19 graves e en ámbitos e persoas vulnerables.

Respecto ao manexo dos cadáveres dos casos confirmados, a nova estratexia establece que, este realizárase do mesmo xeito que o resto de cadáveres de grupo III segundo a Guía de Consenso sobre Sanidade Mortuoria.

https://www.sanidad.gob.es/profesionales/saludPublica/sanidadExterior/docs/GUIA_CONSENSO_SANIDAD_MORTUORIA.pdf

Polo que o manexo dos cadáveres dos casos confirmados da COVID-9 realizárase do mesmo xeito que o resto de cadáveres do Grupo 2º do Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, que no seu artigo 4 establece a clasificación sanitaria dos cadáveres, segundo as causas de defunción.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20141211/AnuncioC3K1-031214-0001_es.html

Data de actualización: 28 de marzo de 2022